



Resolución pola que se designan os membros da comisión de preselección da décimo segunda edición dos premios Agader ás iniciativas de desenvolvemento rural.

O artigo 11 das bases reguladoras aprobadas pola Resolución do 30 de decembro de 2020 pola que se convoca, mediante tramitación anticipada de gasto, a décimo segunda edición dos premios Agader ás iniciativas de desenvolvemento rural (DOG núm. 28, do 11 de febreiro de 2021), prevé a posibilidade de constituír unha comisión de preselección, integrada polos membros do xurado que designe a persoa titular da Dirección Xeral da Agader, mediante resolución ditada para o efecto.

En consecuencia, e tras a conformidade manifestada por todos os membros do xurado na reunión do 17 de marzo de 2021, designo como membros da comisión de preselección da décimo segunda edición dos premios Agader ás iniciativas de desenvolvemento rural os seguintes membros do xurado do premio:

- Isaías Calvo de la Uz, secretario xeral da Agader
- Alfredo Fernández Ríos, subdirector de Planificación e Dinamización do Medio Rural
- Alejandro Sánchez de Dios, subdirector de Mobilidade de Terras
- Francisco González Carracedo, xerente da Asociación de desenvolvemento rural Condado – Paradanta.

A comisión de preselección exercerá as facultades que lle atribúen as bases reguladoras dos premios coa finalidade de que lle presenten unha proposta ao xurado na segunda reunión deste.

Santiago de Compostela,
A directora xeral da Agader
(asinado dixitalmente)

Inés Santé Riveira

